


PROXECTO EDUCATIVO



**IES Plurilingüe
Castro da Uz**

Documento 1 - Contextualización

Redactado durante o curso académico 2012-2013
Aprobado polo Consello Escolar o 10 de abril de 2013
Revisado e avaliado polo Consello Escolar o 25 de xuño de 2015
Última aprobación polo Consello Escolar o 16 de febreiro de 2022

ÍNDICE

1. Datos do centro.

2. Aspectos xerais.

2.1. Contorno socio-cultural do centro.

2.2. Sinais de identidade.

3. Relación do centro con outras institucións.

3.1. Centros adscritos e outros.

3.2. ANPA.

3.3. Concello.

3.4. Empresas.

3.5. Outras entidades.

4. Obxectivos prioritarios.

4.1. Alumnado.

4.2. Profesorado.

4.3. Familias.

4.4. Persoal non docente.



1. Datos do centro

Denominación: **IES Plurilingüe Castro da Uz**

Enderezo: Rúa José María Penabad López, s/n - 15320 – As Pontes (A Coruña)

Código de centro: 15021767

Teléfono: 881930001

Fax: 881930016

Correo electrónico: ies.castrodauz@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastrodauz/>

No curso 2021-2022 impártese a seguinte oferta educativa:

- ESO
- ESA (Educación Secundaria de Adultos)
- FP Básica:
 - Informática de Oficina
 - Mantemento de Vehículos
- Ciclos formativos de grao medio:
 - Sistemas microinformáticos e redes.
 - Electromecánica de vehículos automóviles.
 - Soldadura e Caldeiraría (DUAL)
- Ciclos formativos de grao superior:
 - Administración e finanzas (bianual)
 - Mantemento Electrónico (DUAL)

Programas educativos que se están a desenvolver:

- ESO Plurilingüe
- E-Dixgal
- Arco e Proa+

- Contratos-programa (CPIInclúe, CPIInnova)
- Club de lectura
- Proxectos europeos de mobilidade de profesorado KA1 e KA2
- Programa Atrétete
- Formación para desempregados/as AFD
- Plan Proxecta+

2. Aspectos xerais.

2.1. Contorno socio-cultural do centro.

A denominación oficial do centro é Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe Castro da Uz – **IES Plurilingüe Castro da Uz**. É un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

O centro foi inaugurado no curso 1980-1981 como instituto de Formación Profesional das Pontes de García Rodríguez, logo cambiaría de nome para IES As Pontes, hasta que no ano 2003 (DOG 2-6-2003), pasa a chamarse IES Castro da Uz. Na actualidade denomínase IES Plurilingüe Castro da Uz.

No curso académico 1998-99 comezan a impartirse os primeiros cursos de ciclos formativos, e no ano 2000 faise unha ampliación dos talleres para albergar alí os ciclos da familia profesional de Electricidade Electrónica.

As instalacións están ben conservadas e, a pesar dos anos, atópanse en bo estado. Nos últimos anos fixéronse dislinlas obras de mellora entre as que cabe citar: construción dun pavillón polideportivo, mellora dos talleres de automoción, redución de barreiras arquitectónicas, melloras de illamento no edificio de electrónica, nova cuberta do edificio principal, aula de música, instalación do alumeado de emerxencia, biblioteca, nova nave para Soldadura e Automoción, Aula de Soldadura e ampliación da zona de traballo, etc.

A entrada do edificio ten rampas de acceso para discapacitados, pero dentro non existe ascensor para acceder aos andares superiores. Ademais das aulas comúns, o centro dispón de aulas específicas: idiomas, bioloxía, física e química, tecnoloxía, plástica, TIC, música, etc.

En canto ao alumnado que se recibe, a maioría do alumnado de ESO procede do centro adscrito CEIP Plurilingüe A Fraga, aínda que nos últimos anos estase recibindo alumnado de todos os centros de primaria da vila. Nos ciclos formativos o alumnado procede de diversos centros da comarca. Todo o alumnado procede de familias de clase socioeconómica media e medio-baixa.

No curso 2021-2022 contamos con 16 unidades que suman 225 alumnos e alumnas.

Ademais polas tardes impártense ensinanzas correspondentes á Escola Oficial de Idiomas, no idioma Inglés. Iniciou as actividades no curso académico 2012-2013 e na actualidade conta con todos os niveis.

As ensinanzas de ESO e FP Básica impártense en horario de luns a venres de 8:30 a 14:10 horas ademais do luns de 16:20 a 18:00 horas. Os ciclos formativos, de grao medio e superior, impártense en horario de mañá ademais de dúas tardes de 16:20 a 19:00 horas (Luns, Martes ou Xoves). As ensinanzas de ESA impártense en horario de 16:20 a 19:50 horas. Non se dispón de transporte escolar polo que o alumnado depende dos autobuses do IES Moncho Valcarce.

En canto ao profesorado, cada ano revísase o cupo de persoal docente que lle corresponde ao centro para atender a todos os grupos de alumnado. Ademais contamos con profesorado de reforzo de diferentes progras: ARCO, PROA+, etc.

Tamén desempeñan as súas tarefas no centro, unha administrativa, unha coidadora, dous subalternos e tres limpadoras.



No centro, ao longo do ano, realízanse diversas actividades de carácter cultural e de integración social:

- Magosto.
- Actividades de Nadal.
- Entroido.
- Letras Galegas.
- Exposicións.
- Teatro.
- Cine
- Club de lectura
- Viaxes
- Almorzos saudables
- Programa escolar de consumo de leite e froita
- Programas de mellora e reforzo educativo
- Proxecto eDixgal

E outras organizadas polos departamentos didácticos, entre as que podemos salientar:

- Charlas e conferencias.
- Visitas a diversas empresas relacionadas coas ensinanzas que se imparten no centro.
- Visitas didácticas de diversa índole, en función do departamento.
- Realización de viaxes a outros países organizados polos departamentos de idiomas.
- Rutas literarias.

Ao tratarse dun centro público, financiase case de xeito exclusivo pola Consellería de Educación, pero recibe partidas da Unión Europea, cursos AFD, etc.

2.2. Sinais de identidade.



O centro, dado o seu carácter público, rexerase polo principio de neutralidade ideolóxica, de maneira que a igualdade de oportunidades será promovida mediante a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Preténdese un centro:

Que imparta un ensino de calidade. Que o alumnado logre a mellor formación posible, para seguir estudando ou para incorporarse ao mercado laboral.

Que teña prestixio. Que toda a comunidade educativa (alumnado, familias, empresas e sociedade) valore a formación recibida e a titulación obtida e que o persoal que traballa no centro se sinta orgulloso desto.

Que transmita valores ao alumnado. Responsabilidade, esforzo, espírito de traballo, iniciativa, respecto aos demais, solidariedade, colaboración e interese por aprender e formarse continuamente.

Que teña un ambiente de traballo agradable. Entre profesorado, persoal de administración e servizos, alumnado e familias; co afán de colaboración sincera e lealdade.

Que se relacione co entorno. Con outros centros de ensino, demais administracións públicas, empresas e entidades privadas culturais, sociais, etc.

Que todos os sectores da comunidade educativa participen na xestión. Involucrando ao máximo ao profesorado, persoal de administración e servizos, familias e alumnado na toma de decisións e na resolución dos



problemas, a través do claustro de profesorado, delegadas e delegados de curso, e consello escolar.

Respectando a lexislación e normativa vixentes, recoñécese o dereito de cada membro da comunidade escolar a utilizar calquera das linguas oficiais, pero, para contribuír á normalización lingüística do galego, empregarase esta lingua no plano administrativo. En todo caso, deberá garantirse, ao rematar a escolaridade, un correcto dominio oral e escrito de ambas as dúas linguas.

3. Relación do centro con outras institucións.

3.1. Centro adscrito e outros.

O centro ten como centro adscrito o CEIP Plurilingüe A Fraga de onde recibimos a maioría do alumnado da ESO. Tamén recibimos alumnado dos outros dous CEIPs das Pontes (CEIP Plurilingüe A Magdalena e CEIP Plurilingüe Santa María) e tamén de As Somozas.

O departamento de Orientación mantén reunións cos centros antes citados co fin de facilitar a incorporación do novo alumnado ao centro.

Na FP Básica recibimos alumnado da nosa ESO e tamén do IES Moncho Valcarce. En canto aos ciclos formativos a procedencia e idade do alumnado é moi variada.

Por último, o noso alumnado de ESO está adscrito ao IES Moncho Valcarce para continuar alí estudos de Bacharelato.

3.2. ANPA



A asociación de nais e pais do centro denomínase “ANPA Ronsel”. Participa na organización de moitas actividades extraescolares e complementarias, sendo unha parte fundamental no proceso educativo como vínculo entre familias e centro educativo.

3.3. Concello

A relación do centro co concello das Pontes é moi positiva. O centro cede, previa autorización do Consello Escolar, o pavillón polideportivo fóra do horario lectivo para adestramentos das escolas municipais e outras entidades locais.

Hai un traballo conxunto do departamento de Orientación cos Servizos Sociais do concello que serven de apoio ao Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Por último, hai unha relación fluída con diversas concellerías de cara a organización de actividades.

3.4. Empresas

Son varias as empresas que colaboran co centro ao longo do curso na realización da FCT (Formación en Centros de Traballo) para o alumnado de FPB e ciclos formativos, colaborando tamén na formación do alumnado matriculado en ciclos en réxime de DUAL.

Por outra banda, dende abril de 2019 contamos coa figura do “Dinamizador da relación con empresas na FP” (antes Dinamizador de FP Dual), que permite ter un contacto permanente coas empresas para desta maneira poder coñecer as súas necesidades e por outra parte potenciar a nosa oferta formativa facendo do centro un referente na FP nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá.



3.5. Outras entidades

Colaboración co FOGGA (Fondo Galego de Garantía Agraria) para o reparto de froita fresca e leite ao alumnado.

4. Obxectivos prioritarios

Este proxecto pretende organizar as accións dos próximos cursos para que o centro poda ofrecer un servizo educativo de calidade, que garanta unha formación integral e atenda con eficacia as necesidades, dereitos e aspiracións do alumnado e as súas familias. Os seguintes obxectivos serán unha prioridade:

- Favorecer a convivencia, o respecto ás persoas, a solidariedade, a non discriminación, a igualdade de oportunidades e de integración. Educar no exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios democráticos, na prevención e resolución de conflitos por medios pacíficos.
- Evitar a transmisión, directa ou indirecta, dos estereotipos dos papeis das mulleres e dos homes, en todas as actividades do centro, segundo establece a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (artigos 9 e 10).
- Promover comportamentos democráticos, participativos, colaboradores e solidarios.
- Fomentar a actitude positiva cara ao traballo, o esforzo, a responsabilidade, e o ánimo constante de mellora.
- Potenciar a creatividade, o espírito crítico, e a autonomía persoal e intelectual.
- Velar polo entorno próximo e o medio ambiente.
- Procurar o éxito escolar que facilite o progreso persoal, o acceso a estudos superiores e a inserción laboral dos nosos estudantes.
- Mellorar algunhas instalacións do centro para adaptalas ás necesidades que se presentan na actualidade.

4.1. Alumnado

- Conseguir a mellora na actitude do escaso alumnado que se ve involucrado en conflitos.
- Mellorar os rendementos escolares nas distintas ensinanzas que oferta o centro e reducir o fracaso escolar.
- Evitar en todas as actividades do centro as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en costumes ou prexuizos que provocan a distribución estereotipada de papeis entre mulleres e homes e a imaxe de dominación destes sobre aquelas.
- Coñecer e atender á diversidade do alumnado.

4.2. Profesorado

- Fomentar a innovación, apoiando decididamente cantos proxectos se consideren de interese colectivo implicando un maior número de profesoras e profesores nos diferentes plans e proxectos que se levan a cabo no centro: Biblioteca, plans de mellora, proxectos europeos, proxecto eDixgal, etc.
- Apoiar ao profesorado en todas aquelas actuacións destinadas a mellorar o rendemento do noso alumnado.
- Mellorar as actuacións de acollida de profesorado cando chega por primeira vez ao centro.
- Revitalizar os claustros de profesorado, para que non sexan só un intercambio unidireccional de información.

4.3. Familias

- Favorecer a integración e participación das familias no centro xa que non poden ser alleas ao proceso de formación dos seus fillos e fillas.



- Poñer en marcha un sistema eficaz de comunicación entre o centro e as familias, para desta maneira informar ás familias periódica e oportunamente, sobre o rendemento académico dos seus fillos e fillas, a marcha do seu proceso educativo e as actividades que se realizan.
- Impulsar as entrevistas do/a titor/a e/ou profesorado coas familias co fin de informalas de aspectos relacionados cos seus fillos e fillas.

4.4. Persoal non docente

- Considerar as suxestións do persoal de administración e servizos encamiñadas á mellora do funcionamento do centro e ao respecto ás normas de convivencia.
- Promover a participación dos seus representantes no Consello Escolar e valorar adecuadamente a súa labor profesional e a súa colaboración co funcionamento do centro.
- Conseguir a colaboración do persoal non docente co profesorado no control e mantemento das instalacións, medios e servizos.